2. A redución de alumnado que se produciu nas últimas promocións do título, patente a través do exame dos indicadores IN03-PC-05, IN04-PC-05, IN11-PC-05 e IN12-PC-05 (redución que xa foi glosada por extenso na reflexión sobre o criterio anterior "Descrición do título"), non redundou, como podería, nunha limitación da diversidade de perfís académicos nos titulados/as que a el acceden. Desde a nosa perspectiva, cómpre interpretar este feito como unha proba evidente do interese que a formación de posgrao no ámbito dos servizos culturais segue a ter para un sector importante dos titulados de letras do SUG. No mesmo sentido debemos interpretar o xurdimento de iniciativas formativas semellantes á nosa canto á vocación de ocupar o espazo práctico da cultura desde o ámbito privado, aínda que estas se revelaron inviables economicamente polos seus altos custos.

3. Outra liña de xustificación do título de crecente importancia é a que ten que ver coa posibilidade que este permite de acceder aos programas de doutoramento da USC e doutras universidades, ao existir unha liña no seu interior destinada especificamente á formación de investigadores novos. No curso 2012-2013, matriculáronse na liña de investigación oito alumnos dos 22 que formalizaron matrícula (o 37% da totalidade do alumnado). Este número mantívose aproximadamente estable, con variacións só dunha ou dúas persoas, nas tres últimas promocións do posgrao. Dentro dos alumnos que optaron pola vía da investigación, é tamén notoria a diversidade de formación previa e a variedade de programas de doutoramento aos que finalmente accederon. Neste sentido, cómpre subliñar como novidade a recuperación, por parte da Facultade de Humanidades, do seu programa de doutoramento, e a conversión deste en interuniversitario grazas ao establecemento dun protocolo de colaboración coa Universidade francesa de Haute-Bretagne-Rennes II. Nun momento de recesión económica como o que vivimos, o máster en Servizos Culturais cumpre tamén a función de poñer a disposición dos titulados de letras que viven no contorno da cidade de Lugo unha formación de posgrao que se concibe como unha ponte para o posterior acceso ao doutoramento, ben dentro deste programa ben dentro dalgún outro. Neste sentido, cabe sinalar a existencia dun número reducido, mais significativo, de alumnos que se decantan por cursaren as dúas liñas do máster, xeralmente comezando pola profesional pero valorando as vantaxes formativas que para a continuación dos estudos e a elaboración dunha tese de doutoramento achega o feito de cursar tamén a liña investigadora .

**BOAS PRÁCTICAS:**

Nunha liña de procura dunha dimensión internacional para o título, ao longo de todo o curso 2012-13 desenvolvéronse conversas coa universidade francesa Haute Bretagne-Rennes II para lograr unha estrutura internacional estable, beneficiosa tanto para o profesorado como para o alumnado.

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

1. **Dotar ao título dunha dimensión práctica máis desenvolvida**: Desenvolvemento planificado e presentado coa debida antelación dunha serie de xornadas prácticas, distribuídas equilibradamente ao longo do ano académico, centradas cada unha delas na presentación, por parte dos seus protagonistas, dunha experiencia de xestión cultural sobranceira ou, en todo caso, útil para a formación dos alumnos do título. O financiamento das actividades farase a través do orzamento do máster, o horario destas será pactado cos alumnos e ao seu remate realizarase unha enquisa de valoración.

   A pilotaxe desta experiencia estase desenvolvendo no curso 2013-14, en que no momento actual xa se levou a cabo a xornada "Sargadelos: a recuperación da memoria histórica" (18 e 19 de novembro de 2013) e está xa pechada a realización, o vindeiro de 3 de abril de 2013, da sesión de traballo "A xestión cultural no Auditorio de Galicia", impartida *in situ* por Silvia Modia (subdirectora da institución). Prevista está tamén, aínda que sen concretar a data, a realización dunha sesión de traballo por parte de Comba Campoy, estudosa do fenómeno dos titiriteiros en Galicia e en Europa e responsable do proxecto de recuperación cultural "Barriga Verde". Da análise dos datos valorativos destas tres actividades con que contaremos no remate deste curso poderemos deducir propostas de mellora desta liña de traballo para o calendario de actividades prácticas complementario do máster para o curso 2014-2015, que deberá ser publicado no enlace web do título nun momento anterior ao inicio do proceso de matrícula.

2. **Inicio dos traballos conducentes a unha modificación do plan de estudos do posgrao en Servizos Culturais**, na que se valore sobre todo a ampliación do carácter práctico do título, que debe conducir á formación de titulados perfectamente familiarizados cos recursos que se utilizan de maneira efectiva nas diversas actividades que se amparan baixo a denominación de xestión cultural. A Comisión Académica do título xa aceptou, na súa reunión do mes de novembro de 2013, a necesidade de abrir o plan de estudos para a súa reelaboración. Para camiñar nesta dirección cómpre en primeiro lugar unha análise en profundidade da actual oferta académica, do seu balance entre troncalidade e optatividade, para decidir acerca do mantemento, modificación ou eliminación de materias. En segundo termo, realizarase unha esquematización dos distintos ámbitos de xestión, cada un deles con recursos propios, que teñen que estar contemplados nun posgrao de xestión cultural (arte e museoloxía, literatura e industria editorial, música, etc.). En terceiro lugar, procurarase coñecer a dispoñibilidade do profesorado da facultade de Humanidades para atender a docencia nalgún destes ámbitos e para deseñar, daquela, materias que poidan dar resposta ás necesidades formativas dos titulados. En cuarto lugar, elaborarase unha proposta de plan de estudos renovado que deberá ser aprobada polos órganos competentes internos e externos á facultade.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| Competencias/Obxectivos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:**

1. O mantemento da demanda do título glosado na reflexión sobre o criterio 1, o seu carácter único dentro do SUG, sinalado na reflexión sobre o criterio 2, e os bos resultados obtidos nas preguntas de competencias da enquisa de avaliación do alumnado (preguntas primera e segunda: nas dúas obtense unha puntuación superior a 4, e en concreto na segunda a cifra mellora a respecto da do curso pasado) son interpretados, desde a perspectiva deste criterio, como argumentos que sinalan a adecuación das competencias e obxectivos previstos no máster ás expectativas académicas das persoas que demandan cursalo.

2. Porén, cómpre sinalar dúas liñas de mellora, unha das cales está xa en vías de implantación e a outra está aínda pendente de ser implantada. A primeira refírese á necesidade de dotar o título dunha maior dimensión práctica, máis relacionada coa xestión cultural real e cos profesionais que delas se ocupan, e institucións públicas e privadas da comunidade. A segunda ten que ver coa precisión de impulsar a creación de procedementos de coordinación da docencia baseados na revisión dos documentos académicos que os profesores xeran antes do comezo do curso e que están a disposición do alumnado xa no momento da matrícula.

3. Canto á proposta de mellora introducida na autoavaliación do curso pasado e que se describiu como a "publicación e posta en práctica dos TFMs e proxectos culturais de calidade presentados polos alumnos", a realización da base de datos por parte do persoal administrativo da Facultade vinculado ao máster (xestora de centros) está aínda en proceso de desenvolvemento, dada a ausencia de financiamento específico e a necesidade de dar saída a actividades administrativas máis urxentes.

**BOAS PRÁCTICAS:**

Oferta, por parte da facultade dunha praza para que os alumnos do máster realicen prácticas de xestión cultural nesta mesma, participando na organización dos eventos máis significativos de índole cultural dos que se celebran nela: Xornada en Xestión e Mediación cultural (febreiro de 2013) e Curso de Primavera (maio de 2013).

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

1. **Dotar ao título dunha dimensión práctica máis desenvolvida**: Alén do sinalado no criterio anterior acerca desta proposta de mellora, parece evidente a xustificación para ela desde a perspectiva destoutro criterio. En efecto, mellorar a relación entre a xestión cultural realizada polos profesionais e a formación en xestión cultural por parte da facultade non pode facer máis que dotar aos nosos titulados de experiencias reais de xestión, que os axudarán a coñecer a súa futura profesión de maneira máis directa e real.

2. **Inicio dos traballos conducentes a unha modificación do plan de estudos do posgrao en Servizos Culturais**, explicada xa por extenso no exame do criterio anterior, e que tamén acada unha xustificación idéntica e con idéntico peso desde a perspectiva destoutro criterio.

3. **Creación da figura do/a coordinador/a de docencia**, aprobada na Comisión Académica do Máster do mes

| | |
|---|---|
| de outubro de 2013, que no que ten que ver con este criterio se encargará de revisar os programas e guías docentes das materias para comprobar a non existencia de solapamentos, a existencia dunha harmonía entre eles e o cumprimento da legalidade universitaria vixente no relativo aos procesos de cualificación do alumnado. | |
| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
| | |

| Acceso e admisión de estudantes | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

1. A análise dos datos que achegan os indicadores asociados a este criterio pode ser atender a varios aspectos. Desde a perspectiva do perfil académico dos estudantes que acceden ao título (IN05-PC-05, IN06-PC-05, IN07-PC-05) as expectativas cúmprense sobradamente, pois en todos eles o posgrao está por riba da media USC. Canto á orixe dos estudantes, detéctase unha certa inestabilidade na captación de alumnos de fóra de Galicia (IN09-PC-05, algo peor que a media USC) e estranxeiros (IN08-PC-05, sempre mellor do que a media USC agás un curso): os datos varían de maneira un tanto anárquica segundo os cursos. Para afianzar o proceso de captación nestes dous nichos de mercado, propoñemos medidas relacionadas coas accións de publicidade, ademais da continuación das conversas conducentes a transformar o máster nunha dobre titulación cun perfil internacional. Con todo, pareceríanos interesante dispoñer dun dato co que non contamos: a singularidade dos números dos máster do campus de Lugo dentro do contorno da USC, pois consideramos que moi probablemente todos eles sufran de dificultades de visibilización; estas agudízanse no noso caso, por estarmos inseridas/os nun campus excesivamente asociado no imaxinario colectivo a áreas técnicas moi distantes da nosa. A inexistencia de medidas institucionais de difusión da oferta de títulos USC localizada en Lugo, especialmente se estes son da área humanística, "invisibiliza" en grande medida o posgrao.

2. Canto aos datos contidos nos indicadores IN02-PC-05, IN03-PC-05 e IN11-PC-05, parece evidente que a tendencia ao descenso do alumnado, especialmente importante desde un punto de vista cuantitativo no curso 2010-2011, non pode ser valorada de xeito positivo, como xa se sinalou na análise destes indicadores localizada na reflexión acerca do criterio 1. Como se comentou naquel momento (cfr. *supra*, criterio "Xustificación do título") especialmente significativo é o feito de que un máster que resultaba atractivo anteriormente para titulados de letras da USC que na súa grande maioría cursaran os estudos no campus de Santiago, mais que vivían por toda Galicia, estea perdendo o alumnado non vencellado ao contorno da cidade de Lugo. Máis prolongada no tempo é a dificultade do máster para captar alumnado entre os seus propios titulados, ou entre os egresados procedentes da Facultade de Formación do Profesorado do campus de Lugo, cuestións ambas ás que atendemos a través de propostas de mellora asociadas a este criterio e mais ao criterio 1.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Realización de accións destinadas a dar a coñecer o título (véxase a boa práctica sinalada *supra* no comentario ao criterio "Descrición do título"; todo o que alí se sinala é pertinente como boa práctica neste criterio).

2. Tradición, sostida desde os primeiros tempos en que se impartiu o título, de atención personalizada por parte das persoas responsables do posgrao (coordinadora e membros do equipo decanal da facultade): desde as súas primeiras promocións, este caracterizouse por ofrecer unha atención personalizada e accesible ao longo de todas as fases do proceso: o correo electrónico da coordinadora e da decana están dispoñibles no horario lectivo para atender as dúbidas que xurdan antes da matrícula, ao longo do proceso de matrícula, na xestión de posibles cambios ou dificultades académicas ou doutra índole por parte do alumnado.

3.Realización, na primeira semana do curso, dunha actividade de presentación do máster na que están presentes os/as máximos responsables académicos do título (decana e coordinadora). O deseño da xornada faise desde a convicción de que esta ten sentido desde unha perspectiva práctica, non académica nin institucional, e a partir da consciencia de que o alumnado do máster interpreta como un sobrecusto a necesidade de ter que desprazarse ao campus de Lugo. Nesta xornada de presentación, a decana e a

coordinadora do máster poñen en coñecemento do alumnado os aspectos máis relevantes da organización do título, o calendario académico e o cronograma das principais decisións académicas nas que os/as alumnos/as participan (elección de titor/a e escolla do lugar de realización das prácticas).

4. Boa dispoñibilidade de boa parte do profesorado do máster á hora de programar saídas de campo co alumnado, mesmo fóra do horario lectivo previsto para a súa materia. Neste sentido, cabe sinalar que no curso 2012-13 os alumnos/as visitaron Bonxe para coñecer in situ os procesos de recuperación da alfarería tradicional, a Deputación para coñecer a política editorial da institución e os proxectos culturais que desenvolve (especialmente teatrais), o Centro de Desenvolvemento Rural de Mondoñedo, a Ribeira Sacra, etc. Cómpre sinalar a xenerosidade do profesorado do máster á hora de realizar co alumnado este tipo de actividades, fóra do horario lectivo e sen remuneración específica.

5. Realización de accións encamiñadas a mellorar a visibilidade da Facultade como centro de ensino de perfil humanístico dentro dun campus cun perfil moi marcado e distante do do título (entre as cales cabe destacar a celebración, na primeira semana do mes de maio, do "Curso de Primavera", destinado a visibilizar a interdisciplinariedade da facultade a través do tratamento dun tema humanístico cunha orientación multiperspectivística).

**PROPOSTAS DE MELLORA**

1. **Pertinencia neste criterio da proposta de mellora 1 das sinalada para o criterio "Descrición do título"**: como parece evidente dado o carácter transversal da proposta, a mellora da política de publicidade do título con vistas a dotala de personalidade propia e a procurar a súa incidencia nos nichos de mercado naturais do título redundará nunha maior captación do interese por parte do futuro alumnado.
2. **Pertinencia neste criterio da proposta de mellora 2 das sinaladas para o criterio "Descrición do título"**: a creación dunha opción semipresencial para un máster impartido nunha facultade como a nosa é en si mesma e por natureza tamén unha proposta de mellora no relativo ao acceso e admisión de estudantes, especialmente daqueles que se corresponden co perfil de persoas de mediana idade e con actividades profesionais ou responsabilidades vitais que imposibilitan a súa asistencia continuada ás aulas.
3. **Pertinencia neste criterio das propostas de mellora 1 e 2 sinaladas para o criterio "Competencias/obxectivos".** O incremento da formación relacionada con espazos reais de xestión cultural non fará senón aumentar a validez do título de cara aos futuros canditados a cursalo.

4. **Pertinencia neste criterio da proposta de mellora 3 sinalada para o criterio "Competencias/obxectivos"**. A creación da figura do coordinador/a de docencia permite establecer unha nova canle de interlocución co alumnado do título, válida para que os alumnos expoñan as dificultades que vaian xurdindo no transcurso do ano académico.

5. **Adianto cronolóxico na resolución dos principais procesos de asignación (de titor/a, de prácticas) en que se ven implicados os estudantes do título**, coa finalidade de que estes poidan aproveitar mellor e desde un momento máis temperán o curso académico e a cantidade de traballo que se lles esixe poida ser planificada máis eficientemente: no curso 2013-2014, o proceso de asignación de titor/a rematou no mes de novembro, incluídos prazos de reclamación, etc., mentres que o proceso de asignación de prácticas rematará antes das vacacións de Nadal de 2013.

6. **Modificación da estrutura académica do máster coa finalidade de adaptala á forma semestral canónica:** a concepción trimestral do título provoca atrancos de índole diversa tanto ao alumnado como ao profesorado. Desde a perspectiva dos/as primeiras/os, a imposibilidade de homologar fóra da facultade a concepción trimestral dificulta, senón imposibilita, a xeración de procesos de mobilidade, a realización das prácticas externas, os procesos de modificación de matrícula e a posible incorporación a tempo parcial no segundo semestre e converte en totalmente absurda a existencia dun parón sen docencia no mes de xaneiro que non se corresponde no máster cun período de avaliación normalizado. Para os segundos/as, a concepción trimestral crea problemas tamén nos procesos de avaliación. A percepción dunha sobrecarga de traballo académico que manifestan algúns alumnos correspóndese, asimesmo, cun calendario que presenta un formato "maratoniano" pola súa condición de trimestral. Ao transformarse en semestral, o título gañará en capacidade de homologación e normalización.

7. **Revisión das datas de comezo do curso, que deben fixarse desde o principio para o momento en que rematen os prazos de matrícula tanto ordinarios como extraordinarios**. Coa finalidade de completar o número de alumnos que cursan o título, no curso 2012-13 o posgrao en Servizos Culturais acolleuse voluntariamente aos prazos extraordinarios de matrícula que a Universidade de Santiago puxo a disposición dos másters. Por esta razón neste curso académico o proceso de matrícula rematou o día 4 de outubro, mentres que as aulas das materias asociadas ao primeiro trimestre xa se iniciaran tres semanas antes. Isto ocasionou problemas na xestión da docencia tanto ao alumnado, ao que non se lle pode esixir a asistencia ás aulas previa a formalización da súa matrícula como ao profesorado, que se atopou nas aulas con situacións diversas canto á asistencia ás primeiras sesións.

8. **Unha vez regularizado o calendario académico do máster, impulsarase a formación internacional dos nosos titulados a través da posta a disposición do alumnado da información requirida para a efectiva utilización dos convenios de mobilidade que temos asinados**, o que nestes momentos non é factible dada a estrutura trimestral do título a pesar de estar dispoñibles os convenios correspondentes. Para esta finalidade achegaraselles información sobre esta cuestión na xornada de acollida inicial. Esta deberá ser complementada coa elaboración e posta á disposición das persoas que cursan o título dunha base de datos de información sobre bolsas en institucións tanto públicas como privadas que poidan financiar total ou parcialmente a estadía no estranxeiro das persoas que cursen o máster. Neste sentido, é importante sinalar o **desenvolvemento do proceso de internacionalización do título** a través das conversas que se están a realizar coa Universidade de Haute Bretagne- Rennes II, que xa deron como resultado o deseño dun título de doutoramento interuniversitario e que conducirán en breve a dotar dunha vía internacional o posgrao (véxase a reflexión sobre o criterio 1).

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| Planificación das ensinanzas | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

1. Desde a Comisión Académica do Máster en Servizos Culturais fíxose un esforzo por xestionar o día a día do título e definir as súas posibles melloras en diversos ámbitos, o que se traduciu no importante número de reunións de coordinación (case unha por mes) que tiveron lugar o curso pasado. Os resultados prácticos destas reunións concretáronse na elaboración dun protocolo para alumnos e titores destinado á elaboración do TFM e no intercambio de impresións acerca da necesidade, oportunidades e modificacións que cumpriría facer no programa académico do título para o deseño dun máster internacional coa Universidade de Haute Bretagne-Rennes II.

2. Noutra orde de cousas, cómpre sinalar que o esforzo de planificación que os profesores aplicaron na impartición das materias do máster, así como a implantación no centro do SGIC, traduciuse tamén nunha liña de incremento das guías docentes da titulación, boa proba de que o profesorado se está facendo consciente da necesidade xa non só de realizar o seu labor de xeito planificado, senón tamén de poñer a disposición dos alumnos unha ferramenta que concrete, acerca das aulas que se lles van impartir, aspectos tales como a súa periodicidade, a duración de cada un dos temas e as actividades que se vinculan a estes. Este incremento da consciencia, por parte do profesorado, acerca da necesidade de cumprir en prazo as súas obrigas académicas, explica tamén a diminución na porcentaxe de actas fóra de prazo. Con todo, esta porcentaxe é moi elevada (40%), o cal se podería explicar polo feito da excepcionalidade e non coincidencia entre o calendario de actas deseñado *ex profeso* para un título coma o noso, cuxa estrutura é trimestral, e aqueloutro que os profesores deben cumprir para o resto das súas obrigas académicas en titulacións cuxo calendario de desenvolvemento é regular. Cremos que este esforzo se reflicte claramente nos bos resultados obtidos nas preguntas de planificación dentro da enquisa de satisfacción do alumnado: as cuestións primeira e segunda da enquisa sobrepasan o 4 e melloran en relación co curso pasado, e tamén é bo o dato da pregunta undécima (3.87 este curso).

3. No que ten que ver co alumnado, e alén de destacar o bo comportamento dos indicadores IN05-PC-05, IN06-PC-05, IN07-PC-05, asociados ao perfil académico de acceso dos alumnos (aspecto este xa comentado na reflexión sobre o criterio 4), cabe lamentar a lixeira desviación a respecto da media USC do indicador IN50-S01-PM-01 de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (3,62 fronte a 3,94 de media USC), así como a tendencia que este presenta a descender progresivamente nos últimos catro cursos (4,58, 4,25, 3,62 e 3,62). Cremos posible interpretar este descenso como asociado á elevada carga de traballo que esixe dos alumnos/as un título ECTS de organización trimestral. A sucesión dun importante número de materias, coas súas esixencias particulares de asistencia, preparación de actividades académicas, etc., unida ao esforzo na elaboración do TFM e en moitos casos á realización das prácticas externas, provoca talvez a percepción dunha excesiva simultaneidade das actividades precisas para a superación do título. Noutra orde de cousas, a ausencia de mobilidade dos estudantes do título e de estudantes foráneos cara a el ten que ver, como xa se recordou na reflexión sobre varios dos indicadores pertinentes para a valoración dos criterios anteriores, coa irregularidade que supón a estrutura trimestral do título, circunstancia que está previsto modificar, como se detalla nas propostas de mellora.

4. Canto á porcentaxe de estudantes que realizan prácticas externas, cómpre subliñar a ausencia de validez para este máster do IN21-PC-09, que lle atribúe ao título un 58,33% do total de alumnos que as desenvolven así como un descenso progresivo deste número nos últimos catro cursos. En realidade, no máster en Servizos Culturais o devandito indicador mide unicamente a porcentaxe (totalmente aleatoria e circunstancial ano a ano, pois no sistema de acceso non se contempla diferenciar nin priorizar unha das liñas sobre a outra) de alumnos que acceden ao título para cursaren a súa liña profesional, fronte a aqueloutros titulados que escollen a liña investigadora. No curso 2012-13 produciuse un incremento da demanda do título na liña investigadora en relación ao número total de matriculados/as (8 estudantes do total de 22 de nova matrícula), e esta, e non outra, é a razón do descenso do indicador. Para comprender esta circunstancia ha de terse en conta a excepcionalidade deste título desde a perspectiva da realización de prácticas externas, pois estas son unha

materia **obrigatoria** para os alumnos/as da liña profesional mentres que non están contempladas na formación daquelas persoas que optan pola liña investigadora.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Axeitado funcionamento da Comisión Académica do máster, que no curso que nos ocupa que neste curso estableceu un calendario de reunións de periodicidade aproximadamente mensual.
2. Revisión, por parte da Comisión Académica do máster na súa reunión do mes de xuño de 2013 dos programas e as guías docentes das materias, coa finalidade de comprobar que uns e outras se axustaban aos criterios de avaliación do alumnado previstos pola USC e que non existían solapamentos nin duplicidades na planificación das ensinanzas do título.

3. Melloras relativas ao proceso de configuración dos tribunais que xulgarán os TFMs do alumnado, coa intención de facelos máis próximos ao perfil académico do traballo: nas reunións da Comisión Académica do máster que tiveron lugar o curso 2012-13 abriuse un proceso de reflexión sobre a necesidade de procurar a máxima afinidade entre as áreas de coñecemento dos/as membros dos tribunais de TFMs e aquelas ás que pertence o traballo. Finalmente decidiuse ter en conta este factor como principal na configuración dos tribunais. Por outra banda, na reunión de outubro de 2013 da Comisión Académica do Máster decidiuse modificar o procedemento de revisión dos TFMs, substituíndo o tribunal único polo sistema de revisións do traballo por parte do tribunal xulgador, con vistas a conseguir un proceso de revisión máis informado e personalizado.

4. Realización de accións destinadas a dar a coñecer o título (cfr. *supra*, apartado de boas prácticas do criterio “Acceso e admisión de estudantes”; todo o que alí se sinala pode ser cualificado tamén de “boa práctica” desde a perspectiva destoutro criterio).

**PROPOSTAS DE MELLORA:**

1. **Pertinencia para este criterio das propostas de mellora 1 e 2 sinaladas para o criterio “Competencias/obxectivos”.** O incremento da formación relacionada con ámbitos reais de xestión cultural, tanto a través de xornadas nas que se desenvolva un contacto real con aqueles espazos de traballo asociados a este como a través da mellora da súa dimensión curricular de carácter práctico, mellorará substancialmente o proceso de planificación dunhas ensinanzas que acadarán unha dimensión de maior interese para o alumnado.

2. **Pertinencia para este criterio da proposta de mellora 3 das sinaladas para o criterio “Competencias/Obxectivos”**: a creación da figura do coordinador/a de docencia ten un sentido evidente desde a perspectiva da planificación das ensinanzas, pois é a encargada/o de harmonizar os materiais accesibles para o alumnado (programas, guías docentes) detectando os posibles solapamentos entre eles. Esta responsabilidade asumiuse conxuntamente por parte da Comisión Académica do máster, mais ao acadar un perfil personalizado a través desta fixación institucional a acción de coordinación gañará de seguro en eficacia.

3. **Desenvolvemento dunha serie de melloras que teñen que ver co proceso de elaboración do TFM** desde a convicción de que unha comunicación máis fluída e temperá entre titor/a e titoranda/o redundará nunha maior calidade dos traballos e nunha simplificación e axilización do proceso de redacción destes (todas estas medidas foron aprobadas na Comisión Académica do máster do mes de decembro de 2013, con excepción de (iii), (iv) e (v), pendentes aínda de aprobación mais, impulsadas desde a Coordinación do título, obxecto de debate na vindeira reunión da comisión:

   **(i)** elaboración de guías docentes para as materias TFM liña A e TFM liña B, aprobadas pola Comisión Académica do título de novembro de 2013,

   **(ii)** adianto da asignación de titor/a para favorecer unha máis temperá comunicación entre este e os alumnos que sexan da súa responsabilidade (parcialmente comentada como **proposta de mellora 5**

| |
|---|
| **en "Acceso e admisión de estudantes"**),<br><br>**(iii)** Limitación no número de titorandas/os asignados a cada profesor/a, que coas actuais cifras de matrícula poden ser reducidos a un máximo de dous para gañar en eficacia, atención personalizada, fluidez na comunicación entre ambos/as e en definitiva calidade dos traballos),<br><br>**(iv)** melloras no proceso de adxudicación de titor/a (limitación a dous –tres en casos extraordinarios ou motivados- do número de titorandos/as que cada profesor/a supervisa,<br><br>**(v)** publicación das liñas de traballo ofertadas polos distintos profesores para que o alumnado as teña en conta no momento de solicitar os titores),<br><br>**(vi)** melloras na adecuación entre o perfil académico de docente e o do titorando (en caso de que varias persoas soliciten o mesmo titor/a, a identidade entre as áreas de coñecemento dun e outro será avaliada positivamente).<br><br>4. **Desenvolvemento dunha serie de melloras que teñen que ver co proceso de realización das prácticas**, das cales (i) foi aprobada na Comisión Académica do máster do mes de novembro de 2013 e (ii) será levada, para a súa valoración e aprobación, á comisión que se celebrará previsiblemente en xaneiro de 2014:<br><br>(i) Deseño de dúas enquisas de valoración das prácticas, unha delas destinada ao alumnado que as desenvolve e outra para a titora/o externa do alumno, coa finalidade de recadar información pormenorizada sobre o proceso.<br><br>(ii) Aínda constatando a crecente diversidade e o evidente aumento das prazas dispoñibles para a realización de prácticas, desenvolvemento dunha política de captación de ámbitos privados de xestión cultural para poñelas a disposición do alumnado. O sector privado debe estar tamén dispoñible para o noso alumnado á hora de realizar as prácticas. Neste sentido, é intención da coordinación do máster impulsar os convenios coas industrias culturais privadas a través de xestións nas que se contacte de maneira personalizada con algunhas delas en vistas a conseguir a sinatura de convenios coa USC para esta finalidade. |

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

<table>
<tr><th colspan="8">Recursos humanos</th></tr>
<tr><td colspan="8">Valorarase o criterio de “Persoal académico” da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de “Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos” do Programa FIDES-AUDIT.</td></tr>
<tr><td colspan="8">Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio</td></tr>
<tr><td>Satisfactoria</td><td>A</td><td>Suficiente</td><td>B</td><td>Insuficiente</td><td>C</td><td>Ausencia de evidencias documentais</td><td>D</td></tr>
</table>

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

1. Concibido desde os seus inicios como Programa Oficial de Posgrao a custo cero que debeu deseñarse tendo en conta de maneira fundamental e case exclusiva os recursos docentes da Facultade de Humanidades de Lugo (un centro, non debemos esquecelo, situado fóra do núcleo humanístico da USC), o máster en Servizos Culturais é non obstante perfectamente homologable ao resto dos títulos superiores da Universidade de Santiago canto aos indicadores básicos relacionados co status e capacidades docentes e investigadoras do seu profesorado (IN23-PS-01, IN24PS-01 e IN25PS-01). Cabe destacar ademais o feito de que a competencia académica do corpo de profesoras/es do título queda evidenciada na enquisa de valoración dos alumnos, pois das 21 materias avaliadas en 11 se supera a puntuación de 4 e só en dúas a cualificación é inferior a 3. Desta enquisa cómpre destacar tamén que en ningunha das preguntas de orientación cualitativa (todas elas valorativas do labor do profesor, nos seus distintos aspectos) a puntuación é inferior a 3,5 (coa excepción da pregunta cuarta, sobre o emprego de recursos didácticos, en que a cualificación é de 3,49).

2. Asimesmo son favorables e están equiparados aos do resto de posgraos da Universidade aqueles indicadores que establecen unha ponte entre o número de profesores/as e o número de alumnos, tanto en aulas expositivas como interactivas (IN29-PS-01, IN30-PS-01 e IN31-PS-01). Desde o principio ademais intentouse paliar a carencia de profesorado ligado a determinadas áreas de coñecemento que se consideraba preciso introducir no título a través do convite a profesores doutros centros do campus de Lugo (ADE) ou de Santiago (Historia e Filoloxía) para que se encargasen de materias concretas no plano de estudos, convite que estes aceptaron xenerosamente (a cambio, iso si, de que o desprazamento ao campus de Lugo non lles supuxese un custo económico adicional: o posgrao financiou as viaxes) e que permitiu incorporar ao máster áreas de coñecemento tales como Lingua Portuguesa ou Historia de América. A ausencia de financiamento específico para o título desde a Universidade de Santiago impediu ata o momento actual incorporar de maneira significativa docentes ocupados/as de aspectos prácticos concretos da xestión cultural. Con todo, é decisión da Comisión Académica do título investir a escasa financiación coa que se conta en accións destinadas a propiciar o contacto dos alumnos/as cos ámbitos concretos en que desenvolven o seu traballo os xestores culturais (véxase *infra*, propostas de mellora).

3. Canto ao cumprimento da boa práctica sinalada para este criterio no curso pasado (“Incorporación de profesores relevantes doutras universidades pola vía internacional, tanto para a impartición das materias do máster como para a composición dos tribunais de defensa dos TFM), cómpre sinalar que a súa realización está ligada ao desenvolvemento da internacionalización do título a través das conversas coa universidade francesa de Haute Bretagne-Rennes II. Dado que a este respecto o proceso está aínda no nivel do debate previo, só cando este se resolva se poderá pensar en colaboracións máis específicas co profesorado do título francés.

**BOAS PRÁCTICAS:**

1. Interese e elevada participación dos/as docentes do posgrao nas actividades de formación específicas solicitadas pola facultade e asociadas á mellora no manexo das ferramentas virtuais de docencia: en concreto, no curso “Formación semipresencial no campus virtual” (PFID.12tic-55) celebrado en xuño de 2013 participaron un total de 21 docentes, dos cales 16 son tamén profesores/as do posgrao.

2. Tradición de reunións formais e informais entre o decanato do centro e a coordinadora do título para dar solución ás incidencias que se producen ao longo do curso académico.

**PROPOSTAS DE MELLORA**

1. **Deseño dunha estratexia de ampliación do corpo docente do título, favorecendo a captación de profesorado que estea disposto a asumir un perfil máis práctico para a súa docencia, a través do desenvolvemento dos seguintes recursos:**

(i) **Apertura do título a aqueles docentes da Facultade de Humanidades que non forman parte do corpo docente no momento actual pero si están interesados en se integraren**. Coincidindo coa intención de reformar o plan de estudos no sentido de darlle entrada a aquelas materias que teñan a dimensión práctica esixida por un posgrao de servizos culturais (cfr. *supra*, propostas de mellora en "Competencias/obxectivos") e logo de facer unha reflexión profunda tanto sobre o programa académico existente como das reformas que precisa, abrirase un período no que se convidará a todo o corpo docente da Facultade para que faga propostas de materias axustadas ás necesidades académicas do máster.

(ii) **Incorporación e rendibilización doutros recursos docentes USC ou externos a través da posta en coñecemento do alumnado da existencia dun modelo de codirección de TFMs**. Esta opción permitirá ao alumno/a facer partícipe na orientación do seu traballo ben a algún profesional da xestión cultural cuxo traballo sexa do seu interese ben, noutros casos, a docentes da USC adscritos ou pertencentes a outras facultades.

(iii) **Incorporación de profesionais da xestión cultural ao título como participantes nas actividades de carácter práctico**. Esta incorporación levouse a cabo xa de xeito experimental este curso, e participaron ou participarán como docentes personalidades do mundo da cultura aplicada da talla de Rosario Portela (experta no fenómeno Sargadelos histórico), Comba Campoy (impulsora do proxecto de recuperación das tradicións titiriteiras *Barriga Verde*) e Silvia Modia, subdirectora do Auditorio de Galicia. Para o inicio do período de matrícula do vindeiro curso, o título terá preparado un calendario de intervencións de carácter práctico, externas á Facultade en canto ás persoas que as desenvolvan como docentes, que se poñerá a disposición do alumnado como paso previo á matrícula destes. A Comisión Académica do máster decidiu, na súa reunión do mes de outubro de 2013 destinar os recursos económicos dos que dispón ao financiamento desta actividade.

(iv) **Rendibilización da rede de antigos alumnos do máster e da facultade que na actualidade traballan en distintos ámbitos da xestión cultural como docentes ou titores/as de actividades concretas (conferencias, seminarios, visitas guiadas, etc.)**. Este curso tivo xa lugar unha conferencia dun dos titulados do ano pasado (Adrián Paz Astariz), na que este explicou, no marco dunha das materias do máster, os aspectos centrais da investigación que centrou o seu TFM. No mesmo sentido, a coordinadora iniciou xa conversas informais coa vicepresidencia segunda da Deputación de Lugo, en cuxa área de Cultura desenvolven o seu labor profesional algúns egresados do noso centro, para que estes poidan realizar algunhas xornadas prácticas nas que expliquen os aspectos esenciais do seu ámbito laboral aos nosos/as alumnos/as.

2. **Desenvolvemento de procesos de mellora formativa ofrecidos aos profesores que actualmente compoñen o corpo docente do título e centrados no manexo do contorno virtual de docencia**. Para esta finalidade é posible rendibilizar as accións emprendidas na Facultade en vistas ao lanzamento da versión semipresencial do título en Ciencias da Cultura, e que consistirán nunha serie de actividades de formación que terán lugar no segundo semestre do curso académico 2013-2014. Como anticipo destas actividades, tivo xa lugar en novembro de 2013 unha reunión informal co vicedecano da Facultade de Humanidades da Universidade Carlos III, na que participou un elevado número de docentes do posgrao.

| BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS | XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS |
|---|---|
| | |

| Recursos materiais e servizos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | A | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

1. A ausencia de datos referidos aos indicadores IN32-PS-02, IN33-PS-02, IN34-PS-02 e IN35-PS-02, fai que a valoración deste criterio se faga en función (1) dun documento elaborado polo centro e actualizado a maio de 2013, (2) dos indicadores IN36-PS-02 e IN37-PS-02 (cuxos resultados están referidos á Biblioteca Intercentros, posto que a Facultade de Humanidades carece de biblioteca propia) e (3) das enquisas de satisfacción do alumnado dos cursos 11-12 e 12-13 (pregunta referida aos recursos didácticos empregados na impartición da materia). A valoración que se pode deducir dos datos existentes non pode ser máis que positiva. Os/as estudantes valoran medio punto máis positivamente no curso obxecto de avaliación os recursos empregados fronte ao ano anterior.

2. Canto á nosa biblioteca de referencia, a Biblioteca Intercentros do campus de Lugo as cifras indican un incremento no número de monografías (superáronse as 100.000 en 2010, arredor de 107.000 en 2013), aínda que tamén un descenso das subscricións a xornais e do número de publicacións periódicas activas. Esta circunstancia negativa débese tanto ás dificultades económicas como a unha estratexia de racionalización do gasto por parte da propia biblioteca, conducente á non duplicación de fondos. Cómpre sinalar, con todo, a dispoñibilidade para o noso alumnado dos fondos que residen nos outros centros da Universidade, pois este pode demandar o seu traslado a Lugo para consulta nas mesmas condicións de préstamo (prazos) que as que se aplican no campus de Santiago. Con respecto aos postos de lectura en relación cos alumnos a tempo completo, estes experimentan tamén un lixeiro incremento no último ano.

3. Perante a ausencia de datos concretos referidos ao centro, pódese aventurar con todo que este está ben dotado en canto a recursos materiais, dada a súa relativa xuventude como edificio (data do ano 2000) e ás melloras de equipamento que se veñen realizando, conducentes sobre todo á mellora dos recursos informáticos e audiovisuais. Na facultade existe unha aula de informática, un laboratorio de idiomas, unha sala de lectura e traballo con 55 postos e conexión a internet. A maioría das aulas conta cun ordenador fixo para facilitar o labor dos docentes. No vestíbulo existe unha pantalla na que se proxecta información sobre as principais actividades e convocatorias abertas.

4. Polo que se refire á política de comunicación da facultade, a mellora da web do centro e a integración deste nas principais redes sociais a través da creación de perfís facilita a difusión das convocatorias existentes.

5. Cómpre comentar neste apartado o grao de cumprimento da proposta de mellora sinalada o pasado curso, "realización dunha base de datos que almacene todo o relativo aos TFMs defendidos no máster". Debemos dicir que a proposta está parcialmente realizada dado que aínda que si se dispón da totalidade dos traballos en soporte informático e de boa parte dos datos, non foi posible volcar os datos nun recurso informático único perante a falta de recursos humanos para a realización completa da actividade.

**BOAS PRÁCTICAS:**

O esforzo de mellora continua no equipamento da Facultade levou ao acondicionamento da aula de informática para a impartición de materias relacionadas co audiovisual. Para esta finalidade solicitouse unha axuda á Vicerreitoría de Calidade da USC de 2500 euros, que foi concedida. Con cargo a esta mercouse un canón, unha pantalla, unha impresora e varios altifalantes.

| | |
|---|---|
| **PROPOSTAS DE MELLORA:** | |
| **BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS** | **XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS** |
| | |

| Resultados previstos | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| *Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.* | | | | | | | |
| **Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio** | | | | | | | |
| **Satisfactoria** | **A** | **Suficiente** | **B** | **Insuficiente** | **C** | **Ausencia de evidencias documentais** | **D** |

**Reflexión (xustificación da valoración) / Conclusións:**

